

Nuredin o taxista e Amedine o pintor.

Xosé Manuel Beiras

Limiar

Hai agora cáseque exactamente dez anos, aló pola primavera do 2009, ben entrada xa -'que por maio era, por maio'- tivo lugar en Rabat unha das varias sesións anuais do Consello Internacional do Foro Social Mundial (FSM), do que daquela eu era membro en representación da Conferencia de Nacións sen Estado de Europa (CONSEU), conxuntamente co meu compañeiro Xavier Macías, da Fundación Galiza Sempre (FGS), e cun xovencísimo Quim Arrufat, do CIEMEN catalán. Cadrou que, simultáneamente, estaba en curso unha asemblea extraordinaria do BNG, causada pola perda do goberno na Xunta de Galiza polo efémero bipartito (PSdG-BNG) nas recén celebradas eleccións lexislativas galegas. Voltei de Rabat xusto en vésperas da sesión final desa asemblea do Bloque e, rematado ese proceso, escribin unha serie de sete artigos para o *Galicia Hoxe*, seis deles a xeito de crónica das sesións do Consello do FSM, e enlazando no derradeiro co frustrante, ao meu ver, desenlace da nosa asemblea.

Fíxeno primordialmente como terapia do meu desasosego, e ese meu estado de ánimo influíu sen dúbida na involuntaria maneira de relatar aquelas xornadas en Rabat, ao xeito dunha literatura de ficción, e máis no clima represadamente morriño, ou até mesmo saudoso, da narración resultante. Dende aquela, varios amigos de meu, 'letrados' eles, deberon de percibir iso mesmo, pois que levan coincidido en dicirme que esa crónica constitúe máis que nada un exercizo literario no que o que menos importa é se os feitos narrados aconteceron ou non na realidade. O caso é que aconteceron, abofé. Mais nunca pensei en xuntalos nunha publicación.

Hai poucas semanas, remexendo no arquivo do meu ordenador en procura doutros textos da miña andaina de

profanas homilías dominicais no extinto *Galicia Hoxe*, dei con éses, linos e ocurriuseme pasárllelos aos meus compadres de *Laiovento*, Afonso Ribas e Pepe Carreiro, para que dixesen con leal sinceridade se merecería a pena pensarmos en dálos xuntos ao prelo. A resposta foi imediata e afirmativa -temo que máis por solidariedade e agarimo que por outra cousa. Mais encargáronme arrecadar algún feixe máis de artigos de aquela época para poderen compór un volume de dimensión axeitada para o formato dun libro. Volvín mergullar no meu arquivo, en percura doutros textos emparentábeis, pola temática, cos da crónica de Rabat. Dei axiña con dous análogos a eles, escritos con ocasión do FSM do 2011 en Dakar, onde acudira na compañía do meu 'irmán' Manu Santos. Non abondaba. Entón lembreime doutra presada de artigos tamén escritos para o *GH*, en forma de glosas a anacos do *Retrato do colonizado* de Memmi que, cando editáramos a tradución feita por Claudio López Garrido, Afonso e eu sopesáramos a pertinencia ou non de engadilas a aquela edición, mais, coido que moi acertadamente, desistíramos, porque non procedía pórmoslle 'apósitos' ao excelente traballo do Claudio, de xeito que estaban dispoñíbeis para incorporalos agora a esta escolma de breves textos meus de outrora.

E así foi como a repesca da miña crónica de Rabat acabou por resultar nesta presada de textos, temáticamente emparentados por se referiren dende diferentes puntos de vista á problemática do colonialismo -o explícito, pasado, e o encuberto, actual- que por iso mesmo rotulo conxuntamente como *Crónicas e figuracións dun transmundo colonial*, coa anteposta invocación de dúas personaxes para min entrañábeis e moi vivas na miña memoria, *Nuredin o taxista e Amedine o pintor*, que coñeceredes se me facedes o galano de ler o que deles escribin e vai imprentado neste volume.

Só me resta engadir que, en vista da actual situación política

no manicomio celtibérico, decidimos -en plural, pois que fomos Afonso e máis eu quen o acordamos- incluír como colofón esa aparente 'inocentada' do 2005, reproducida ulteriormente tamén no *GH*, titulada '*Animal farm*' e retranqueiramente alcumada de 'Rondó', e máis tamén a xeito de preludio -e desta vez por consello do Afonso, que dispou as miñas dúbidas- esoutra glosa dunha obra capital sobre a democracia, de Luciano Canfora, profesor na universidade de Bari, que titulei (*A*) *Democracia*, co artigo entre parénteses por razóns que deixo á vosa aguda intuición adiviñar. Como coido que sabedes que eu non son, en rigor, máis que un músico malgrado, decidín estruturar o contido deste libro en tres partes, ao xeito da música do barroco, que historicamente coincide co colonialismo na época anterior ao capitalismo industrial, na que o sistemamundo estaba rexido, en canto realidade económica, polo mercantilismo, e politicamente polos poderes antidemocráticos do 'antigo rexime'. Así que rotulo o único texto da primeira parte como *Obertura* -coa semántica do barroco, claro, non da operística decimonónica- e o da terceira como xa o fixera: *Rondó* -denominación en orixe francesa, como sabedes, do movemento circular que adoitaba rematar as obras musicais de aquela época. E para ser congruente co devandito esquema, ao feixe central de *Crónicas e figuracións* antepóñoille, con previas desculpas a Johan Sebastian pola falla de respecto, o rótulo de *Suite africana* -pois que pola súa temática e estilo, como poderedes comprobar, non é italiana, nen francesa nen aínda menos inglesa, claro. Finalmente, tamén a vós, con sincera humildade, rógovos desculpades a miña ousadía e o meu acedo humor, se cadra un algo irrespeitoso.

Reboraina de Aguiar, martes de antroido do 2019.

Xosé Manuel Beiras Torrado